



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP de Galán  
Rúa Miguel de Cervantes, 21  
15141 Oseiro- Arteixo (A Coruña)  
T 881880903 FAX 881880906  
ceip.galan@edu.xunta.gal  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgalan>

## **CLÁUSULA INFORMATIVA BÁSICA PARA O PROFESORADO, ALUMNADO E FAMILIAS**

### **PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E CONDICIÓNS DE USO**

Os datos persoais necesarios para levar a cabo a retransmisión das clases a través de Internet, incluíndo os necesarios para a conexión ao sistema e os relativos á imaxe/voz do profesorado, dos alumnos e alumnas, e no seu caso, dos seus pais ou titores (en diante, os participantes) serán tratados pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Cultura e Universidade, na súa condición de responsable do tratamento.

A lexitimación para o tratamento destes datos será, no caso dos alumnos e familias, o cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme ao disposto no artigo 6.1 e) do Regulamento xeral de protección de datos, fundamentada na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE). No caso do profesorado, a lexitimación para o tratamento dos datos persoais será o cumprimento da relación estatutaria ou contractual consonte ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd para exercer a función educativa, fundamentado tamén no disposto na LOE.

As persoas interesadas poderán solicitar perante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A retransmisión das clases poderá ser accesible unicamente ao profesorado e alumnado á que van dirixidas para o seu uso exclusivamente no ámbito docente. Con todo, convén que os participantes preparen previamente ao inicio de cada sesión o seu espazo de traballo, de forma que lles permita interactuar protexendo a súa propia intimidade e a de terceiros.

Prohíbese expresamente a gravación das clases por parte dos participantes, e particularmente a súa compartición en redes sociais, aplicacións de mensaxería instantánea ou a través de calquera canle telemática, xa que estes usos poden conculcar o dereito á protección de datos, o dereito á propia imaxe e os dereitos de propiedade intelectual, e poderían xerar responsabilidade administrativa ou civil para a persoa infractora.

Os datos persoais, e en especial as imaxes serán tratadas en todo caso con respecto á Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e o seu uso por parte da administración educativa autonómica para os fins expresados non xerará dereitos de imaxe con beneficio ou contraprestación económica.